

# CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2022


# Tempo de verán e experimental

## Campamentos Forum e Ágora

É tempo de diversión,  
é tempo de conciliar.

**Aberta a preinscrición  
do 23 ao 25 de maio.**

**Máis información en  
[www.coruna.gal/campamentos2022](http://www.coruna.gal/campamentos2022)**



# CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2022

## **INFORMACIÓN CAMPAMENTOS FÓRUM E ÁGORA**

Este verán os campamentos do Forum e do Ágora retornan á normalidade coa que viñan a se facer antes da pandemia. Favorecendo a conciliación familiar ca mesma filosofía de sempre: xogar, aprender e desfrutar fomentando a educación en valores. E como sempre partindo de diferentes temáticas, dun xeito seguro e divertido e tratando de experimentar novas formas de ocio alternativo.

Propoñemos que as nenas e os nenos da nosa cidade teñan, ao longo dos meses de verán, unha oferta variada de actividades de lecer, fundamentalmente motrices, ademais de propostas plásticas, musicais, teatrais, de expresión oral e escrita, de lóxica matemática, audiovisuais, lectura, informática...todas elas tecidas arredor dunha temática común e co xogo como principal aliado.

## **PERSOAS DESTINATARIAS**

Poderán participar as nenas e os nenos nadas/os entre 2018 e 2010, agrupados por idades.

Na quenda especial para adolescentes no Ágora, poderán participar as/os nadas/os entre 2009 e 2006.

Reservarase o 10% das prazas de cada quenda (adxudicadas segundo o número do sorteo) para solicitantes con diversidade funcional nun grao que lles permita participar nas actividades co grupo. No caso de resultar maior a demanda deste tipo de prazas, Serviplus total SL valorará individualmente a pertinencia de cada unha das solicitudes. Nestes casos, non se acometerán tarefas que requiran funcións médicas ou hixiénico-sanitarias.

Os grupos serán como máximo de 15 participantes.

## **CALENDARIO**

**Preinscrición:** 23, 24 e 25 de maio a través da web [www.coruna.es/cultura](http://www.coruna.es/cultura).

\*Pódense solicitar todas as quendas que se desexen, en ambos centros e débese facer por orde de preferencia.

\*\*Unha vez que se realice a inscrición recibirá no seu correo electrónico a resposta con todos os datos que apuntou. Comprobe que son correctos.

**Publicación das listaxes de preinscrición:** 27 de maio.

**Reclamacións:** 30 e 31 de maio e 1 de xuño.

**Sorteo das prazas:** 3 de xuño ás 10.00 h, en cada sede.

**Publicación das listaxes de prazas adxudicadas e das listaxes de**

**agarda:** 7 de xuño nas webs [coruna.gal/campamentos2022](http://coruna.gal/campamentos2022) e [coruna.gal/cultura](http://coruna.gal/cultura) e no servizo telefónico 010.

**Inscrición e pagamento:** do 8 a 10 de xuño por transferencia.

**Adxudicación de prazas ás listaxes de agarda:** Para ocupar as prazas vacantes e as non aboadas, terán preferencia as persoas das listaxes de agarda que non obtivesen ningunha praza, respectando a orde de numeración do sorteo.

Contactarase telefónicamente coas persoas das listaxes de agarda para saber se continúan interesadas en inscribirse. Realizaranse tres intentos de contacto telefónico a diferentes horas. De non se conseguir a comunicación, pasarase á seguinte persoa da listaxe de agarda.

**Calendario de chamadas telefónicas ás listaxes de agarda:**

**Primeira volta:** o día 13 de xuño. Terán que aboar a cota os días 14 ao 16 de xuño.

**Segunda volta:** o día 20 de xuño. Terán que aboar a cota os días 21 ao 23 de xuño.

A partir do 27 de xuño, o resto das prazas que poidan quedar vacantes serán ocupadas polo público en xeral por orde de chegada, que se deberá inscribir na sede correspondente (nos horarios que se comunicarán) e aboalas no momento.

## **HORARIO**

Xeral: de 10.00 a 14.00 h.

\*Coa posibilidade de ampliación horaria para a conciliación familiar:

-Modalidade A: de 10.00 a 14.30 h.

-Modalidade B: de 9.00 a 14.00 h.

-Modalidade C: de 9.00 a 14.30 h.

-Modalidade D: de 8.30 a 14.00 h.

-Modalidade E: de 8.30 a 14.30 h.

## **ESPAZOS DE REALIZACIÓN**

Fórum Metropolitano (e parque Europa) e Ágora (e CEIP Raquel Camacho).

## **QUENDAS**

1.<sup>a</sup> Quenda: do 27 de xuño ao 8 de xullo.

2.<sup>a</sup> Quenda: do 11 ao 22 de xullo.

3.<sup>a</sup> Quenda: do 26 de xullo ao 5 de agosto.

4.<sup>a</sup> Quenda: do 8 ao 19 de agosto.

5.<sup>a</sup> Quenda: do 22 de agosto ao 2 de setembro.

Quenda especial para adolescentes no Ágora : do 4 ao 15 de xullo.

## **TEMÁTICAS POR CENTRO E QUENDA**

### **CENTRO ÁGORA**

1.<sup>a</sup> quenda: "Xogando no tempo"

2.<sup>a</sup> quenda: "Mulleres e cine".

3.<sup>a</sup> quenda: "Esencia galega".

4.<sup>a</sup> quenda: "A Coruña do futuro".

5.<sup>a</sup> quenda: "Mundos fantásticos".

### **FÓRUM METROPOLITANO**

1.<sup>a</sup> quenda: "Mulleres e cine".

2.<sup>a</sup> quenda: "Xogando no tempo"

3.<sup>a</sup> quenda: "A Coruña do futuro".

4.<sup>a</sup> quenda: "Mundos fantásticos".

5.<sup>a</sup> quenda: "Esencia galega".

## **Nº PRAZAS**

1.350

## **TEMÁTICAS**

**"Mulleres e cine"**. A través de secuencias da grande e pequena pantalla descubriremos a importancia das mulleres no ámbito cinematográfico. Coñeceremos e desfrutaremos de novas formas de ver e comprender o cinema, achegándonos de xeito divertido ó mundo do audiovisual feito ou protagonizado por mulleres, a través de diferentes experiencias lúdicas.

**"Esencia galega"**. Entre pedras e partituras poderemos investigar a cultura e tradición galegas. Seguindo un percorrido temporal pola nosa cultura, aprenderemos a esencia da nosa terra. A música, a artesanía, a arquitectura,... e o saber popular conxugaranse dun xeito divertido que nos fará gozar da grandeza cultural que temos en Galicia.

**"Xogando no tempo"**. Se queres coñecer os xogos dos teus antepasados, poderás tentar re-crealos por ti mesmo/a.

Descubriremos outras formas diferentes de entretemento nos tempos pasados e a que xogaban os nosos avós e outros ancestros mais alleos e seremos quen de recrear todas esas accións lúdicas e de xogo adaptándoos ao noso tempo.

**"A Coruña do futuro"**. Como sería a túa cidade ideal? Acompañanos a recrear unha cidade sostible e futurista dende o teu punto de vista. O ecoloxismo, a reciclaxe, a volta ó respecto ao entorno fanse necesarias nestes tempos se queremos seguir a desfrutar dunha cidade tan fermosa como a nosa. Conseguiremos pensar novas ideas e elaboraremos actividades dirixidas a mellorar a vida de toda a cidadanía coruñesa.

**"Mundos fantásticos"**. Mouchos, curuxas, sapos e bruxas...

Mergullarémonos nos contos e nas historias de misterio e fantasía para recoñecer de boa tinta a importancia da lectura. Viviremos e desfrutaremos dunha quenda chea de maxia, ilusión e fantasía a través dos libros e dos comics.

**Quenda especial para adolescentes NO ÁGORA (12-16 anos):**

**"Escape Room"**. Experiencia única e diferente para xogar nun contexto no que o clásico xogo de mesa "escape room" vai ser substituído por unha plataforma dixital. Ca axuda de ordenadores, teléfonos móbiles, tablets ou televisores, as/os participantes poderán vivir aventuras cheas de misterio, enigmas, quebracabezas e, ata, poesía.

## **COTA DE INSCRICIÓN**

Só campamento: 35,00 €.

Ampliación horaria, coas seguintes modalidades:

-Modalidade A: 38,00 €.

-Modalidade B: 40,00 €.

-Modalidades C e D: 42,50 €.

-Modalidade E: 45,00 €.

A cota correspondente aboarase mediante transferencia á conta ES76 2080 0036 6230 4002 1977

Enviarse o seu comprobante por correo electrónico a [forumagora@serviplus.org](mailto:forumagora@serviplus.org) xunto co nome da/o participante, a quenda, o centro e modalidade horaria correspondentes.

No caso de non se realizar o pagamento nos ditos prazos a praza quedará vacante, e serán chamadas as persoas solicitantes da listaxe de agarda para cubri-la.

Se unha vez aboada a cota non fose posible realizar o campamento, só se devolverá o seu importe se se cobre a praza con outra persoa solicitante.

## **ENVÍO DA INFORMACIÓN PORMENORIZADA ÁS FAMILIAS**

Non haberá reunións informativas presenciais, enviaranse por correo electrónico todas as indicacións e normas, así como o lugar específico ao que se deben dirixir en cada sede, o grupo de idade asignado, o/a educador/a de referencia e as recomendacións de seguridade sanitaria.

Esta información envíase uns días antes do comenzo do turno.

## **INFORMACIÓN RELATIVA Á SITUACIÓN DA COVID-19**

En relación á celebración de actividades de lecer educativas infantís, o Concello da Coruña seguirá en todo momento as directrices marcadas polo Ministerio de Sanidade e Benestar Social e outras autoridades competentes en materia sanitaria en función da evolución xeral territorial da Covid-19. Para este fin poderá implementar estratexias e protocolos de actuación, así como condicións específicas de participación, nas devanditas actividades de lecer infantil. En todo caso, non é obrigatorio o uso de mascarilla, pero si recomendable en interiores.

## **ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO**

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

## **MÁIS INFORMACIÓN NAS WEBS:**

**[CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2022](http://CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2022)**  
**[E.CORUNA.GAL/CULTURA](http://E.CORUNA.GAL/CULTURA) E NO 010.**